

# Uso dunha ferramenta de traballo cooperativo para incorporara perspectiva de xénero na materia de grao Enfermaría Comunitaria

Freijomil-Vázquez, Carla<sup>1</sup>; Movilla-Fernández, María-Jesús<sup>2</sup>, Coronado-Carvajal C<sup>3</sup>.

*<sup>1,2,3</sup>Laboratorio de Investigación Cualitativa en Ciencias da Saúde-GRINCAR,, GID-Enfermaría-UDC, Facultade de Enfermaría e Podoloxía, Universidade da Coruña, Códigos ORCID: <sup>1</sup>0000-0003-3961-1899, <sup>2</sup>0000-0001-9369-8636, <sup>3</sup>0000-0002-4824-6902*

**PALABRAS CLAVE:** Traballo cooperativo; Innovación docente; Perspectiva de xénero; Enfermaría; Enfermaría Comunitaria.

## RESUMO

**Introdución:** O nivel de saúde dos individuos e as comunidades está condicionado polo medio ambiente que inclúe determinantes sociais como o sexo, a igualdade de xénero, a pobreza e a equidade (OMS). En política de xénero, esta organización indica que a integración das perspectivas de xénero na acción sanitaria obedece a un criterio xusto de saúde pública.

**Obxectivo:** Avaliar o impacto na aprendizaxe e a satisfacción do estudantado dunha materia de segundo curso de Grao en Enfermaría, Enfermaría Comunitaria I, tras a incorporación da perspectiva de xénero e as desigualdades sociais en saúde.

**Metodoloxía:** Desenvolvéronse tres talleres de docencia interactiva en grupos de 20 estudantes, de hora e media de duración. Realizáronse lecturas (que incorporaban a perspectiva de xénero e as desigualdades sociais en saúde comunitaria) e dinámicas de debate. Para avaliar o impacto na aprendizaxe do noso estudantado utilizáronse dous cuestionarios con preguntas abertas, un previo á primeira sesión e outro ao final da última;

para avaliar a satisfacción empregouse un cuestionario de trece preguntas pechadas de tipo Likert. Os datos analizáronse mediante metodoloxía descritiva cuantitativa-cualitativa (Hernández-Sampieri & Mendoza Torres, 2018).

Conclusións: Comprobamos a necesidade de incorporar a perspectiva de xénero ao pensamento crítico nos problemas de saúde da comunidade. A meirande parte do alumnado constataron a necesidade de reflexionar en como inflúen de distinta maneira nos problemas de saúde de mulleres e homes, non só os factores biolóxicos senón tamén os relacionados co estilo de vida e as diferenzas no acceso e uso dos servizos do sistema sanitario.



# Uso dunha ferramenta de traballo cooperativo para incorporar a perspectiva de xénero na materia de grao Enfermería Comunitaria

Freijomil-Vázquez C; Movilla-Fernández María-Jesús, Coronado-Carvajal C.

Correo electrónico:  
carmen.coronado@udc.es ; carla.freijomil@udc.es

## Introducción

Segundo a OMS, o nivel de saúde dos individuos e as comunidades está condicionado polo medioambiente psicosocial que inclúe determinantes sociais como o sexo, a igualdade de xénero, a pobreza e a equidade. En política de xénero, esta organización indica que a integración das perspectivas de xénero na acción sanitaria obedece a un criterio xusto de saúde pública.

## Obxectivo

Avaliar o **impacto na aprendizaxe e a satisfacción** do estudiantado da materia de segundo curso do Grao en Enfermería, *Enfermería Comunitaria I*, tras a **incorporación da perspectiva de xénero e as desigualdades sociais en saúde**.

## Metodoloxía

### Curso e materia

- 2018/19
- Grao Enfermería (2º curso)
- Enfermería Comunitaria I
- Competencia: comprender o concepto de saúde e identificar e analizar os factores determinantes da saúde.

### Organización e actividades

- 18 h docencia presencial.
- Talleres de 90 min con 20 estudantes.
- Lecturas incluíndo perspectiva de xénero e desigualdades en saúde.
- Elaboración de materiais dixitais.
- Debate posterior.

### Avaliación do alumnado

- De aprendizaxe: 2 cuestionarios con preguntas abertas (un previo á primeira sesión e outro ao final da última)
- De satisfacción: cuestionario de 13 preguntas pechadas de tipo Likert.


### Análise de datos

- Metodoloxía descritiva cuantitativa.
- Na análise cualitativa comparáronse as respostas ás preguntas abertas previas ao inicio e ao final.


## Resultados

### Satisfacción do estudiantado: Resultados cuantitativos


A actividade fíxome consciente de problemas complexos da comunidade e levouse a pensar en desigualdade en saúde



Os seminarios axudáronme a entender a relación das persoas co medio ambiente e os estilos de vida dende unha perspectiva de xénero



Aplicar a perspectiva de xénero axudárame a comprender mellor o meu rol e responsabilidade como cidadán e futuro profesional sanitario



TA: totalmente de acordo, DA: de acordo, N: neutro, ED: en desacordo, TD: totalmente en desacordo.

### Aprendizaxe do estudiantado: Resultados cualitativos

#### Pregunta 1: Que diferenza hai entre sexo e xénero?

Recoñeceron dende o primeiro seminario a diferenza entre sexo e xénero.

O sexo "é un determinante biolóxico" (C1-6) e "está relacionado co aparato reprodutor co que naces (home ou muller). Isto é algo obxectivo" (C1-11). O concepto de xénero "constitúe o conxunto de roles e comportamentos adxudicados pola sociedade a cada sexo establecendo o masculino e o feminino" (C1-18), "é una construcción social" (C1-3).

#### Pregunta 2: Como cres que pode condicionar o teu xénero na percepción da túa saúde?

Ao remate dos seminarios observamos que soamente dez participantes seguiron pensando que o xénero non condicionaba a saúde das persoas. O resto do alumnado describiu que o xénero condiciona a saúde e recalco que certos estereotipos de beleza ou roles vinculados á muller poden poñer en risco a súa saúde.

"Como cada xénero ten un rol determinado na sociedade, moitas das actuacións ou hábitos do teu rol de xénero repercuten na túa saúde e na percepción desta" (C2-11).

#### Pregunta 3: Cres que as intervencións sanitarias deben dirixirse tendo en conta o xénero das persoas? Se pensas que si, por qué?

Tras finalizar o último seminario, as respostas diferiron. A maioría do alumnado (salvo dez persoas) recalco que a perspectiva de xénero debe ser incluída no proceso asistencial.

"A resposta é claramente si. Todo proceso asistencial debe ser individualizado e ter en conta o xénero para proporcionar un cuidado holístico e integral" (C2-4).

#### Pregunta 4: De que maneira cres que os coñecementos adquiridos durante a materia te permitirán dirixir intervencións sanitarias tendo en conta o xénero dos pacientes?

A maioría das alumnas e alumnos, salvo catro participantes, describiu que os coñecementos adquiridos lles permitirán dirixir intervencións sanitarias incluíndo a perspectiva de xénero e así garantir unha asistencia sanitaria máis equitativa.

"Na materia aprendín cuestións sobre o estilo de vida, o sistema sanitario e o medio ambiente relacionadas tanto co xénero como o sexo e, desta maneira creo que vou poder tratar aos meus pacientes dunha forma máis individualizada" (C2-33).

## Conclusións

Comprobamos a necesidade do alumnado de incorporar perspectiva de xénero ao pensamento crítico nos problemas de saúde da comunidade. A meirande parte dos nosos estudantes constataron a necesidade de reflexionar en como inflúen de distinta maneira nos problemas de saúde de mulleres e homes, non só os factores biolóxicos senón tamén os relacionados co estilo de vida e mesmo coas diferenzas no acceso e uso dos servizos do sistema sanitario. Todo iso bastante relacionado á vez con outros determinantes sociais como idade, grupo étnico, situación socioeconómica, etc.

## REFERENCIAS

- Artazcoz, L., Chilet, E., Escartín, P., & Fernández, A. (2018). Incorporación de la perspectiva de género en la salud comunitaria. Informe SESPAS 2018. *Gaceta Sanitaria*, 32, 92-97.
- Borrell, C., García-Calvente, M. D. M., & Martí-Boscà, J. V. (2004). La salud pública desde la perspectiva de género y clase social. *Gaceta sanitaria*, 18(4), 02-06.
- Borrell, C. & Artacoz, L. (2008). Las desigualdades de género en salud: Retos para el futuro. *Revista Española de Salud Pública*, 82 (3), 245-249.
- Hernández-Sampieri, R. & Mendoza Torres, C.P. (2018). Metodología de la investigación, *McGrawHill Education*, Ciudad de México.
- Johnson, D. W., Johnson, R. & Holubec, E. (2013). Cooperation in The Classroom (9t.aed.). Edina, MN: *Interaction Book Company*.
- Organización Mundial de la Salud. (2002). “Integración de las perspectivas de género en la labor de la OMS Política de la OMS en materia de género”. <https://www.who.int/gender/mainstreaming/ESPwhole.pdf> Consultado: 23/04/2019.
- Organización Panamericana de la salud/Organización Mundial de la Salud. (2010): “Género y Salud: una guía práctica para la incorporación de la perspectiva de género en salud”. <http://iris.paho.org/xmlui/handle/123456789/5701>. Consultado: 23/04/2019.
- Ponferrada Arteaga, M. (2017): “Guia per a la introducció de la perspectiva de gènere en la docència”. Universitat Autònoma de Barcelona. Observatori per a la Igualtat. [https://www.uab.cat/doc/Guia\\_perspectivagenere\\_docencia](https://www.uab.cat/doc/Guia_perspectivagenere_docencia) Consultado: 23/04/2019.